

Guerreiro de Noste ía polo monte, cruzando a serra que chaman Arneiro, cando se atopou cun home que levaba un paraugas enorme, máis alto ca el, e a tela era de color cincento. Guerreiro deulle os bos días, e admirouse do tamaño do paraugas, que nunca outro vira.

—Eso non é nada!, dixo o home, que era regordete e colorado, e lucía grandes bigotes.

E ensinoulle a Guerreiro o puño do paraugas, que era un rostro humano, con barba de pelo e ollos de cristal, e a boca, colorada e aberta, parecía a dun home vivo.

—Vaia boca!, dixo Guerreiro.

—¡Paraguas saca la lengua!, dixo en castelán o home.

E pola boca aquela o paraugas sacou unha lingua, longa e roxa coma a dun can, que lambeu moi agarimosamente a man do seu amo.

Álvaro Cunqueiro : «*Guerreiro de Noste*», *Xente de aquí e de acolá*, Editorial Galaxia, Vigo, 1971

1.- A) A quen atopou Guerreiro de Noste cando ía polo monte ?

---

B) Como era o home que atopou ?

---

---

2- Como era o puño do paraugas que levaba o home do que fala a lectura?

---

---

---

3- Que cousa estraña facía o paraugas ?

---

---

---

